

*Presidenta do GDR 7 "Asociación Grupo de Desenvolvemento Rural Valdeorras"*

XUNTA  
DE GALICIA

Saída 503732 / RX 624169

REXISTRO ELECTRÓNICO  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 13/04/2021 09:33:33



**RESOLUCIÓN** pola que se aproba a modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos, da Estratexia de Desenvolvemento local seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020.

O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titula da Dirección xeral de Agader a aprobación e posteriores modificacións desas normas de xestión.

Tendo en conta a modificación das bases reguladoras que rexen a medida LEADER, publicadas no DOG núm. 53, do 18 de marzo de 2021, abren a posibilidade de que o GDR poida seleccionar proxectos non previstos inicialmente, así como, no seu caso, priorizar, no suposto de que así o consideren necesario para o desenvolvemento do seu territorio de actuación, estes novos proxectos, a xunta directiva do GDR procede á aprobación da modificación dos criterios de selección e priorización de proxectos, mediante o Acordo do 7 de Abril de 2021. A versión consolidada dos mesmos xúntase a esta resolución como anexo I.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emítase esta RESOLUCIÓN pola que se aproban as normas de xestión da estratexia que figuran como anexo I desta resolución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interperse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela,

A directora xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

(Asinado electronicamente)

Inés Santé Riveira.



# ANEXO I



En Viloiira, a 7 de Abril de 2021.

D. Álvaro José Fernández López, con DNI 71.638.209-V, Alcalde do Concello de A Rúa e Secretario da Asociación GDR Valdeorras con NIF G32390361 e domicilio Praza Ramón Otero Pedraio, 11, da localidade de Viloiira (Ourense).

**CERTIFICA:**

Que a Xunta Directiva fai unha proposición de modificación nos **Criterios de selección e priorización de proxectos da Estratexia de Desenvolvemento Rural do GDR Valdeorras**, que se xunta como **Anexo I**, seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, quedando aprobada por unanimidade dos membros.

E para que así conste, asino a presente

  
Secretario da Asociación GDR Valdeorras  
D. Álvaro José Fernández López



## No Punto 3.- PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

### 1.3.1.- Proxectos non produtivos

1.3.1.1 – Proxectos non produtivos de prioridade alta. Intensidade de axuda máxima ata o 90 %, engadeselle o seguinte:

**Proxectos vinculados a mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular.**

## No Punto 4.- BAREMOS

### 4.1.- BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS:

2. CRITERIOS RELATIVOS Á INCIDENCIA DO PROXECTO NA CREACIÓN DE EMPREGO.

a. Incidencia do proxecto na creación de emprego:

Contribución a crear emprego en determinados colectivos, engadese o seguinte:

**Persoas desempregadas (demandantes de emprego) ..... 5 Puntos**

3. CRITERIOS RELATIVOS Á INCIDENCIA AMBIENTAL DO PROXECTO

a. Incidencia ambiental do proxecto, engadese o seguinte:

**Acondicionamento ou adecuación dun espazo natural ..... 5 Puntos**

**Implicación na concienciación ou valorización do medio ambiente ..... 5 Puntos**

4.- CRITERIOS RELATIVOS Á UTILIZACIÓN DE FACTORES PRODUTIVOS DA ZONA

a. Utilización de factores produtivos da zona, procedese a corrección da puntuación máxima que corresponde **con 10 puntos**.

5.- PROXECTOS QUE SE DESENVOLVAN EN DETERMINADOS AMBITOS, engadese o seguinte:

**Investimentos vinculados a proxectos de mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente ..... 5 Puntos**

**Recuperación demográfica do medio rural e/ou mellora da calidade de vida da poboación rural ..... 5 Puntos**

### 4.2.- BAREMO PARA PROXECTOS NON PRODUTIVOS

2.- CRITERIOS RELATIVOS AO IMPACTO SOBRE O TERRITORIO E A POBOACIÓN RURAL

a. Impacto sobre o territorio e a poboación rural

a.1. Poboación beneficiada co proxecto e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida, engadeselle o seguinte:

**Así como os proxectos vinculados a mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente.**





**Proxectos vinculados a mobilización ou recuperación de terras regulados na normativa vixente, así como as actuacións no solo de núcleo rural das aldeas modelo, vinculadas a proxectos de rehabilitación, rexeneración e renovación do espazo urbano, enerxías renovables, TIC e economía circular» ..... 10 Puntos**

Así mesmo procedese a corrección da puntuación máxima que corresponde **con 10 puntos**

